





Reclamante: 
Expediente **RSCTG 00122/2017**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por , mediante escrito do 28 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 1 de decembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da Deputación Provincial de Lugo.

O escrito viña acompañado da resolución da Deputación Provincial de Lugo no expediente RXE 23187 de 26 de xullo de 2017, dunha copia dos criterios interpretativos 3/2016; 5/2015 e 7/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, e diversas copias de sentenzas en materia de dereito de acceso á información pública, entre outras a do Xulgado Central Contencioso-Administrativo nº 2 de Madrid no Recurso 25/2017.

Segundo. Con data 11 de decembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á administración para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegaran informe e copia completa e ordenada do expediente.

O requirimento de expediente foi recibido con data 15 de decembro de 2017 pola administración.

Terceiro. Este expediente trae a súa causa da solicitude de acceso á información pública realizada polo Sr. [REDACTED] o día 26 de xullo de 2017. Esta solicitude non foi respostada en tempo e forma pola Deputación Provincial, polo que o día 5 de setembro de 2017 o agora reclamante iniciou unha reclamación de acceso á información pública por tales feitos, que deu lugar a tramitación do expediente RSCTG 85/2017 que rematou o pasado 20 de decembro no acordo de emisión dunha resolución estimatoria por parte da Comisión da Transparencia de Galicia.

Cuarto. A Deputación Provincial por fax de 28 de decembro de 2017 (oficio orixinal recibido o 5 de xaneiro de 2018) solicitaba unha ampliación do prazo para elaborar o informe. A esta petición non se puido acceder, pois debido á carga de traballo do persoal responsable da tramitación destes expedientes, no momento de xestionar a solicitude xa se cumprira o prazo de vencemento do trámite (artigo 32.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro). A notificación ten data do 10 de xaneiro de 2018.

Quinto. O 17 de xaneiro de 2018 á Deputación Provincial por fax (oficio orixinal recibido o 19 de xaneiro de 2018) solicita unhas aclaracións relacionadas cos expedientes RSCTG 85/2017 e RSCTG 122/2017. En resume requirían a suspensión da resolución do expediente RSCTG 85/2017 ata a resolución por parte da Comisión do expediente RSCTG 122/2017, incidindo no feito de que era unha só procedemento o que daba lugar a dous expedientes administrativos ante a Comisión da Transparencia, pedía aclaracións sobre a notificación da ampliación do prazo, e indicaba que a formalización do acceso, se existe oposición de terceiro, tería lugar cando transcorrera o prazo para interpoñer o recurso, e que como se inadmitira en vía administrativa a solicitude había que dar traslado do expediente aos terceiros interesados dos que remitía o listado.

Sexto. O 19 de xaneiro de 2018 recíbese un escrito do reclamante no que en resume desiste da tramitación da reclamación do expediente RSCTG 122/2017.

Sétimo. O 24 de xaneiro de 2018 remítese á Deputación Provincial de Lugo un escrito no que se lle informa da presentación da desistencia por parte do reclamante do expediente RSCTG 122/2017, e se lle recorda a obriga da administración afectada de cumprir a resolución nos seus propios termos e notificarlo a esta comisión, pero igualmente se lle recorda, que de acordo co disposto no artigo 19 da Lei 19/2013, do 9 de decembro dado que a información solicitada afecta a dereitos ou intereses de terceiros debidamente identificados, se lles concederá un prazo de quince días para que realicen alegacións, o solicitante será informado desta circunstancia, e de que se produce a suspensión do prazo para ditar resolución, polo que non existe ningún impedimento para facer unha suspensión.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013 e pola Lei 1/2016, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia, órgano colexiado, a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como “os contidos ou documentos, calquera que

sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 94.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro establece que a Administración aceptará de plano a desistencia, e declarará concluído o procedemento salvo que, persoándose no mesmo terceiros interesados instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foran notificados.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Único: Aceptar a desistencia e declarar concluído o procedemento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga